

ACTA DA REUNIÓN EXTRAORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RÉXIME INTERIOR, ECONOMÍA, FACENDA E AXENDA DIXITAL DO DÍA 5 DE NOVEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

D. CARLOS LÓPEZ FONT.

VOGAIS:

D. SANTOS HÉCTOR RODRÍGUEZ DÍAZ.
DONA ANA MARÍA MEJÍAS SACALUGA.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA NOEMÍ OUTEDA PROL.
DONA RAQUEL GIRÁLDEZ ARMAS.
DONA OLGA MARÍA GARCÍA BALLESTEROS.
D. GREGORIO AGÍS GÓMEZ.
D. JOSÉ ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ.
DONA MARÍA ELENA ESTÉVEZ FREIRE (*En substitución de JORGE CUBELA LÓPEZ*).
D. MIGUEL DOMÍNGUEZ ALFONSO.
DONA MARÍA PAZ LAGO MARTÍNEZ.
DON IGNACIO MARIL PARDO.
D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS.
D. JAVIER TOURÍS ROMERO.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA ORTEGA ÍNARREA.

No salón de Plenos do Pazo Provincial, sendo as 12 horas do día 5 de novembro de 2021 asisten, baixo a Presidencia de D. Carlos López Font Presidente da Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste o Deputado D. Jorge Cubela López, sendo substituído pola Deputada, Dona María Elena Estévez Freire.

Asisten o Sr. Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén o Sr. Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay.

Actúa como Secretario, por delegación do Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

1. APROBACIÓN DO PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O ANO 2021. (EXPTE.- 2021054788).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo que figura no informe conxunto do Servizo de Recursos Humanos e Formación, Secretaría e Intervención de data 2 de novembro de 2021, cuxo contido é o seguinte:



“

EXPEDIENTE	2021054788
ASUNTO	<i>PLAN DE ESTABILIZACIÓN DE EMPREGO TEMPORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA PARA O AÑO 2021</i>
TRÁMITE	<i>INFORME CONXUNTO DE RECURSOS HUMANOS, INTERVENCIÓN E SECRETARÍA</i>

ANTECEDENTES

1º.- O Real decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que modifica varios artigos do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público, autoriza unha ampliación dos procesos de estabilización de emprego temporal como medida complementaria inmediata para paliar a situación existente.

Tal e como sinala o preámbulo do citado real decreto –lei, a mellor xestión do emprego ao servizo das distintas Administracións Públicas esixe, sen dúbida, dispor de políticas coherentes e racionais de dotación de efectivos de carácter permanente, que cubran as necesidades reais dos servizos e limiten a temporalidade á atención de necesidades de carácter estritamente conxuntural.

A pesar de que nas sucesivas regulacións sobre a materia xa se establecía a limitación no nomeamento do persoal funcionario interino ou persoal laboral temporal a casos excepcionais de indubidable e estrita necesidade e que os mesmos só podían realizarse polo tempo imprescindible ata a súa cobertura por funcionarios de carreira, a realidade mostrou un constante e sostido aumento da taxa de emprego temporal.

O artigo 2 deste real decreto-lei permite unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, persoais ou outra forma de organización de recursos humanos nas distintas Administracións Públicas, e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos no tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020.

2º.- Partindo do disposto nesta nova regulación e no acordo asinado entre o Goberno de España e as organización sindicais mais representativas, e os criterios adoptados no plan de estabilización do ano 2018, efectuouse un estudo de necesidades de persoal da Deputación Provincial do período comprendido entre xaneiro de 2018 e ata a actualidade, tendo en conta as vacantes existentes no persoal de persoal funcionario e na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo, así como o elevado número de contratacións laborais temporais e nomeamentos interinos nas súas diferentes



modalidades que se formalizan ou prorrogan anualmente con cargo ás previsións que para este tipo de situacóns contémplanse no orzamento provincial de cada ano.

A falta de estabilidade no emprego deste persoal dificulta enormemente unha adecuada prestación dos servizos públicos considerados esenciais para o funcionamento das distintas áreas de Goberno desta Institución, en termos de calidade e eficiencia, ao existir unha alta porcentaxe de rotación que afecta principalmente ao persoal de administración e servizos, educativo asistencial, servizos xurídicos, infraestruturas, xestión de documentos electrónicos, xestión e control dos proxectos de subvencións, recadación, turismo e promoción de emprego; rotación que deriva dun incremento considerable do volume de traballo, a insuficiencia de persoal, a complexidade dos procesos introducida polas últimas modificacións normativas, a implantación da administración electrónica, o aumento do número de xubilacións e as restricións da oferta de emprego público de orzamentos anteriores, entre outras.

3º.- Devandito estudo reflicte que existe, en menor medida que no ano 2018, un importante porcentaxe de temporalidade, tanto de persoal funcionario interino como de persoal laboral temporal que cobren necesidades permanentes e de carácter estrutural.

4º.- Polo tanto, en base ao establecido no citado Acordo Goberno Sindicatos e no Real decreto lei 14/2021 así como do estudo de necesidades de persoal dos distintos Centros e Servizos da Deputación Provincial de Pontevedra elaborouse unha memoria do plan de estabilización de emprego temporal do ano 2021, no que se detalla:

1. Obxectivo
2. Medidas a adoptar
3. Criterios de actuación, concretamente
 - 3.1. Determinación das prazas a incluír no plan: (nº de prazas, continuidade da ocupación interina ou temporal, persoal temporal sen praza ou posto de referencia, cómputo de prazas)
 - 3.2. Características das prazas a computar
 - 3.3. Valoración da taxa de estabilización de emprego temporal do 2021
 - 3.4. Creación de prazas e postos de traballo no cadre de persoal funcinario e RPT de persoal laboral fixo
 - 3.5. Requisitos dos procesos selectivos
4. Prazo de execución
5. Convocatoria dos procesos selectivos
6. Sistemas selectivos a utilizar
7. Aplicación das quendas de persoas con discapacidade.
8. Comunicación ao traballador temporal ou funcinario interino de que a praza ou posto vai ser obxecto de convocatoria
9. Identificación nas prazas ou postos convocados
10. Orde de prelación para ser ofertadas entre as prazas ocupadas de forma interina ou temporal
11. Toma de posesión da praza ou posto e cesamento do temporal ou interino



5º.- *No mesmo advírtese que as prazas obxecto de estabilización deberán cumplir os seguintes requisitos:*

- *Ter carácter estrutural e permanente.*
- *Haber estado dotadas presupostariamente de xaneiro de 2018 a decembro de 2020 (pola existencia de vacantes no cadro de persoal de funcionario, e na RPT de persoal laboral fixo, así como con cargo ás previsións anuais de contratacións laborais temporais ou nomeamentos interinos).*
- *Estar cubertas na actualidade por persoal laboral temporal ou funcionarios interinos, nas súas diferentes modalidades, de forma ininterrompida durante o tres últimos anos conforme aos criterios xerais de aplicación da Secretaría de Estado de Función Pública.*

6º.- *A partir do estudo de necesidades estruturais do persoal nos distintos centros e servizos da Deputación Provincial (recollido en documentos anexos), determinouse o número total de prazas de funcionarios e postos de persoal laboral fixo que configuran o plan de estabilización de emprego 2021.*

Para levar a cabo este plan requírese:

- *Utilizar as prazas de persoal funcionario ou postos de persoal laboral fixo que están vacantes no cadro de persoal e na RPT e que reúnen as condicións esixidas, as cales serán ofertadas dentro da taxa de estabilización de emprego 2021.*
- *Crear novas prazas de persoal funcionario ou postos de traballo de persoal laboral fixo, segundo proceda, vinculadas ao plan de estabilización de emprego temporal 2021 para cubrir necesidades estruturais e permanentes e que están sendo atendidas con persoal temporal.*

Este proceso de estabilización de emprego temporal afectará ás seguintes prazas e postos de traballo:

Prazas e postos obxecto de estabilización	Ocupación	Nº
Cadro de persoal funcionario	Prazas vacantes de persoal funcionario desempeñadas por funcionarios interinos	12
Cadro de persoal funcionario Prazas de NOVA CREACIÓN	Prazas de nova creación desempeñadas por laborais temporais ou funcionarios interinos nas súas diferentes modalidades que responden a necesidades estruturais e permanentes	14
Postos de persoal laboral fixo. Postos de NOVA CREACIÓN	Postos de traballo de nova creación desempeñados por laborais temporais e que responden a necesidades estruturais e permanentes	2
TOTAL		28



8º.- As prazas existentes no cadro de persoal funcionario que se relacionan no plan, ocupadas por funcionarios interinos, compren os requisitos esixidos para a súa incorporación ao plan de estabilización de emprego temporal 2021 e serán incluídas na oferta de emprego público deste ano 2021.

As prazas e postos de traballo de nova creación incorporaranse ó cadro de persoal funcionario e á RPT de persoal laboral fixo, segundo proceda, a través da aprobación deste plan de estabilización de emprego temporal 2021.

A creación destas prazas de persoal funcionario e postos de traballo de persoal laboral fixo efectuarase con cargo ao crédito existente, non sendo preciso dotalas economicamente por tratarse de prazas ou postos que son desempeñadas por laborais temporais ou funcionarios interinos por execución de programas de carácter temporal, que figurán nas previsións de persoal temporal do orzamento provincial de cada ano.

Achéganse anexos coas cantidades consignadas para estas prazas de funcionarios e postos de traballo de persoal laboral no orzamento do ano 2021, así como a valoración económica a que ascende en cómputo anual a creación das referidas prazas e postos no próximo orzamento.

9º.- No seguinte cadro detállase a diferenza económica comparativa entre o custo laboral total das prazas e postos de nova creación coa correspondente a do persoal laboral temporal ou nomeamento de interinos por programa:

	Retribucións	Seg. Social	Total custo
Total PEET 2021 - FUN (Presuposto 2022)	362.358,74	94.213,29	456.572,03
Total PEET 2021 - LAB fixo (Presuposto 2022)	56.264,38	17.667,02	73.931,40
Total contratos LT ou FISPP (situación actual)	409.705,94	127.938,51	537.644,45
Aforro plan estabilización	8.917,18	-16.058,20	-7.141,02

Dito cadro mostra unha redución de custos que resulta da valoración das cotas á seguridade social, ao non computar a cotización do persoal funcionario por desemprego.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

1º.- En data 05/07/2021 asinase entre o Goberno de España e as organizacións sindicais mais representativas un acordo sobre o plan de choque para reducir a temporalidade nas Administracións Públicas.



O texto do acordo recolle que para reducir a temporalidade por baixo do 8% das prazas de carácter estrutural en todas as administracións, articularase un novo proceso de estabilización do emprego temporal, que afectará a todas as prazas de carácter estrutural, dotadas orzamentariamente, ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos no tres anos anteriores a 31 de decembro de 2020 e que non se viron incluídas nos procesos de estabilización previstos nos acordos para a mellora do emprego público dos anos 2017 e 2018.

O proceso desenvolverase coas condicións e características previstas nos mesmos en canto a tempo de ocupación e sectores, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos contempladas nas distintas administracións públicas. Este proceso suporá a autorización dunha taxa adicional para estabilización do persoal temporal.

2º.- As medidas establecidas en dito acordo, recóllense no Real decreto-lei 14/2021, de 6 de xullo, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, que modifica varios artigos do Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

O artigo 2 do referido Real decreto lei, dispón que “adicionalmente ao establecido nos artigos 19.un.6 da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, e 19.un.9 da Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, autorízase unha taxa adicional para a estabilización de emprego temporal que incluirá as prazas de natureza estrutural que, estean ou non dentro das relacións de postos de traballo, cadros de persoal ou outra forma de organización de recursos humanos que estean contempladas nas distintas Administracións Públicas e estando dotadas orzamentariamente, estivesen ocupadas de forma temporal e ininterrompidamente polo menos nos tres anos anteriores ao 31 de decembro de 2020.

As ofertas de emprego que articulen os procesos de estabilización contemplados no apartado anterior, así como o novo proceso de estabilización, deberán aprobarse e publicarse nos respectivos diarios oficiais antes de 31 de decembro de 2021 e serán coordinados polas Administracións Públicas competentes.

A publicación das convocatorias dos procesos selectivos para a cobertura das prazas incluídas nas ofertas de emprego público deberá producirse antes de 31 de decembro de 2022 e a resolución dos mesmos deberá finalizar antes de 31 de decembro de 2024.

A taxa de cobertura temporal deberá situarse por baixo do oito por cento das prazas estruturais.

A articulación destes procesos selectivos que, en todo caso, garantirá o cumprimento dos principios de libre concorrência, igualdade, mérito, capacidade e publicidade, poderá ser obxecto de negociación en cada un dos ámbitos territoriais da Administración Xeral do Estado, comunidades autónomas e entidades locais, podendo articularse medidas que posibiliten unha coordinación entre as diferentes Administracións Públicas



no desenvolvemento dos mesmos no seo da Comisión de Coordinación do Emprego Público.

Sen prexuízo do establecido no seu caso na normativa propia de función pública de cada Administración ou a normativa específica, o sistema de selección será o de concurso-oposición, cunha valoración na fase de concurso dun corenta por cento da puntuación total, na que se terá en conta maioritariamente a experiencia no corpo, escala, categoría ou equivalente de que se trate no marco da negociación colectiva establecida no artigo 37.1. c) do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Da resolución destes procesos non poderá derivarse, en ningún caso, incremento de gasto nin de efectivos, debendo ofertarse nestes procesos, necesariamente, prazas de natureza estrutural que se atopen desempeñadas por persoal con vinculación temporal.

Co fin de permitir o seguimento da oferta, as Administracións Públicas deberán certificar ao Ministerio de Facenda, a través da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, o número de prazas ocupadas de forma temporal existente en cada un dos ámbitos afectados.

3º.- A disposición adicional primeira, sinala do citado Real decreto lei 14/2021 sinala que os procesos de estabilización de emprego temporal no ámbito local rexeranse polo disposto no artigo 2 e non lles será de aplicación o disposto nos artigos 8 e 9 do Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

4º.- No plan de estabilización de emprego da Deputación Provincial do ano 2018, seguíronse os criterios xerais de actuación da Secretaría de Estado da Función Pública, de marzo de 2018, que tiñan como obxectivo deseñar uns criterios comúns que puidesen servir de guía de actuación ás diferentes Administracións Públicas, e aínda que a competencia corresponda en todo caso á Administración correspondente.

5º.- Por tanto, tras realizar un estudio de necesidades estruturais e de carácter permanente nos distintos Centros e Servizos da Deputación Provincial así como unha análise da evolución que tiveron as contratacións laborais temporais e nomeamentos interinos nas súas diferentes modalidades nestes últimos anos, urxe adoptar, dentro do actual marco normativo, as medidas que sexan precisas para regularizar esta situación, a fin de evitar a declaración xudicial de indefinidos non fixos, e que actuacións irregulares nesta materia poidan dar lugar a responsabilidades aos titulares dos órganos competentes en materia de persoal, de conformidade co sinalado no artigo 27.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (en diante LEG).

De aí que a aprobación deste segundo plan de estabilización configurase como instrumento máis adecuado para alcanzar os obxectivos que se pretenden, segundo o ordenado no artigo 2 do Real decreto lei 14/2021, artigos 69 e 70, e a Disposición Transitoria Cuarta do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se



aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante TRLEBEP), así como artigos 47 e 48 da LEG.

6º.- Segundo preceptúa o artigo 37.1 c) do TRLEBEP, este plan de estabilización de emprego temporal xa foi obxecto de negociación cos representantes sindicais, por tratarse dun instrumento de planificación dos recursos humanos da Deputación Provincial e estar previsto no mencionado Acordo Goberno Sindicatos.

7º.- As convocatorias das prazas derivadas deste Plan publicaranse nos Boletíns Oficiais correspondentes para garantir os principios reitores en materia de acceso ao emprego público establecidos no artigo 55 do TRLEBEP: libre concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

8º.- Os procesos selectivos correspondentes ao presente Plan garantirán os principios citados e o contido gardará relación cos procedementos, tarefas e funcións habituais do postos obxecto de cada convocatoria. Ademais, desenvolveranse conforme ao disposto nos apartados 1 e 3 do artigo 61 do TRLEBEP, artigos 58 e seguintes da LEG e Real decreto 896/91, de 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios de Administración Local.

9º.- Corresponde ao Pleno da Corporación Provincial a aprobación do plan de estabilización de emprego temporal na medida que implica a creación de prazas e postos de traballo no cadre de persoal funcionario e RPT de persoal laboral fixo, debéndose seguir os mesmos trámites que para a aprobación do orzamento provincial, en virtude do establecido no artigo 126 do Real decreto lexislativo 781/86, de 18 de abril.

Considerando ós antecedentes e fundamentación xurídica exposta e demais normas de concordante e pertinente aplicación, PROPOSSE:

1. Aprobar o plan de estabilización de emprego temporal da Deputación Provincial de Pontevedra 2021 para cubrir necesidades de carácter estrutural e permanente nos distintos Centros e Servizos, que figura anexo a esta proposta.
2. Crear no cadre de persoal funcionario da Deputación Provincial de Pontevedra **14 prazas** para estabilización de emprego, desempeñadas temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2018 e que responden a necesidades estruturais e permanentes dos distintos Centros e Servizos desta Institución:

GR	PRAZA	Nº	Posto de traballo	SERVIZO	CX	Ocup.
C1	Administrativo/a AX	1	Administrativo/a	Asesoría xurídica	927	LT
C2	Auxiliar Admón. xeral	1	Auxiliar administrativo/a	Comunicación	912	FIEP



A2	Tecnico/a de xestión documental	1	Tecnico/a xestión documental	Intervención	931	FIEP
C2	Auxiliar Admón. xeral	1	Auxiliar xestión tributaria e Inform.	Oral - Xestión Tributaria Catastral	932	FIEP-LT
A2	Tecnico/a medio/a de promoción económica e formación	1	Tecnico/a de promoción económica	Promocion emprego e Desenvolvemento L.	240	FIEP-LT
A2	Tecnico/a medio/a de promoción económica e formación	1	Tecnico/a de formación	Promocion emprego e Desenvolvemento L.	240	FIEP-LT
A2	Técnico/a medio/a de admón. xeral	1	Técnico/a de xestión de proxectos	Promocion emprego e Desenvolvemento L.	240	FIEP-LT
C2	Auxiliar Admón. xeral	1	Auxiliar Administrativo/a	Promocion emprego e Desenvolvemento L.	240	FIEP-LT
A2	1 Enxeñeiro/a técnico/a industrial	1	Enxeñeiro/a téc. industrial	Arquitectura e Urban.	457	FIEP
A2	Tecnico/a medio/a biotecnólogo/a	1	Tecnico/a biotecnólogo/a	Estación Fitopatolóx. Do Areeiro	413	FIEP-LT
C2	Auxiliar Admón. xeral	1	Auxiliar administrativo/a	Recursos Humanos e F	921	FIEP-LT
A2	Enxeñeiro/a técnico/a Industrial	1	Enxeñeiro/a técnico/a Industrial	Cooperación	942	FIEP-LT
A1	Enxeñeiro/a de Camiños	1	Técnico/a proxectos de obra civil	Cooperación	942	FIEP-LT
A1	Enxeñeiro/a de Camiños	1	Enxeñeiro/a de Camiños	Infraestruturas	456	FIEP-LT
TOTAL		14				

3. **Crear na relación de postos de traballo de persoal laboral fixo da Deputación Provincial de Pontevedra 2 postos de traballo para estabilización de emprego, desempeñado temporalmente desde data anterior a xaneiro de 2018 e que responde a necesidades estruturais e permanentes do Servizo ó que figura adscrito:**

Gr	Postos de persoal laboral fixo	Nº	SERVIZO	CX	Ocup.
----	--------------------------------	----	---------	----	-------



A2	Técnico/a de turismo	1	Turismo	433	FIEP-LT	
A1	Técnico/a medio/a conservador/a	1	Museo	333	FIEP	
TOTAL		2				

A creación destas prazas e postos de traballo non supón incremento do gasto, nin de efectivos, por estar contemplado nas previsión de contratacións temporais e nomeamentos interinos do orzamento provincial deste ano.

CONCLUSIÓN

Tanto a xefatura de Servizo de RRHH e Formación como o Secretario e Interventor informan favorablemente esta proposta”.

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo, obtendo o seguinte resultado:

- 1. Votos a favor: (10)**, sendo oito (8) do grupo provincial do PSG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
- 2. Votos en contra: (0)**, ningún.
- 3. Abstencións: (7)**, do grupo provincial do Partido Popular.

A Comisión Informativa de Réxime Interior, Economía, Facenda e Axenda Dixital ditamina a proposta de acordo do asunto relativo á aprobación inicial do Plan de Estabilización de Emprego Temporal da Deputación de Pontevedra para o ano 2021, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSG-PSOE e do BNG e coa abstención das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular.

2. APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA O EXERCICIO DE 2022. (EXPTE.-2021054525).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo que figura na memoria da Presidencia asinada con data 2 de novembro de 2021, cuxo contido é o seguinte:



“MEMORIA DA PRESIDENCIA

En cumprimento do disposto no artigo 168-1.a) do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais, aprobado por R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, e o artigo 18-1-a) do R.D. 500/1990, de 20 de abril, e co obxecto de explicar o contido e as principais modificacións do orzamento para o exercicio de 2022 en relación co de 2021, elabórase a presente memoria.

Introdución

O orzamento xeral consolidado para o próximo exercicio ten un marcado carácter expansivo, xa que experimenta un crecemento dun 6,78 por cento; permitíndonos compensar, na medida das nosas escasas posibilidades, a caída do consumo e inversión do sector privado.

Para a súa elaboración partimos da información que nos ofrece o proxecto de Lei de Presupostos Xerais do Estado para o próximo exercicio; así resulta que os ingresos que recibiremos do Estado experimentan un incremento entorno ao 8 por cento e as retribucións dos empregados experimentarán un incremento do 2 por cento, etc.

De tódolos xeitos si os ingresos foran superiores tramitaríanse os oportunos expedientes de modificación e si diminúen, como xa se establece na Disposición Transitoria 1º das bases de execución deste orzamento, declararanse coma non dispoñibles, polo mesmo importe da redución dos ingresos, os créditos das aplicacións que se estimen reducibles sen afectar o normal funcionamento dos servizos, decisión que se poderá tomar mediante resolución presidencial, previo informe do responsable do centro xestor afectado e da intervención.

En relación cos aspectos cuantitativos o orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2022 está integrado polos orzamentos:

- <i>Da Deputación</i>	175.796.471 €
- <i>Da Fundación da Escola Universitaria de Enfermería</i>	595.445 €
- <i>Do Consorcio provincial C. Incendios</i>	3.895.600 €
- <i>Consorcio Deza – Taberós</i>	1.108.012 €
- <i>O Consolidado</i>	179.512.478 €

En relación cos ingresos do orzamento consolidado podemos destacar:

- *O incremento dos ingresos totais por importe de 11.396.441€ (6,78%),*



- O incremento dos recursos correntes por importe de 5.811.637€ (5,08%)
- Aforro neto é de 55.624.054 €, aumenta 4.997.168€ (9,80%), como consecuencia do incremento dos ingresos correntes (10.604.849€), da redución da amortización da débeda (-162.096€) e polo incremento do gasto corrente (5.769.777€).
- En relación cos gastos do orzamento consolidado podemos destacar:
 - O incremento dos créditos para gastos totais por importe de 11.396.441€ (6,78%)
 - Incremento do gasto corrente en 5.769.777€ (5,06)
 - Os investimentos (cap. VI e VII) aumentan en 5.788.760€ (10,95%)
- En relación co endebedamento podemos destacar:
 - Para o financiamento do orzamento non se prevé concertar ningunha operación de endebedamento.
 - O endebedamento inicial reducirase en 727.120 €.
 - O endebedamento final será de 20.240.829 €.
 - A carga absoluta e relativa (xuros + amortización/dereitos correntes) prevista será de 737.119€ (-18,03%).

En relación coa solvencia consolidada da Deputación podemos destacar:

- O aforro bruto acada a cifra de 56.351.173€, aumenta en 4.835.072€ en relación co do ano anterior (9,30%), como consecuencia do aumento dos ingresos correntes e a diminución da amortización, a pesares do incremento dos gastos correntes.
- O aforro neto acada a cifra de 55.624.054€, aumenta 4.997.168 € (9,80%), e representa o 31% dos recursos correntes.
